

Asamblea Interbarrios. Martes 27 Setembro 2011

Lugar: O Burgo

Asistencia: Montealto, Palavea, Oleiros, Agra (e Os Mallos) Oleiros, Cambre.

#### ORDEN DEL DIA

0. Valoración última actividade: Concentración-Charla Educación
1. Información Barrios
2. 15 de Octubre
3. Financiación
4. Varios

0. Hai que establecer un protocolo na petición de permisos. Ao comunicar a situación antes da charla houbo xente que marchou, non podemos permitir que pase iso. O acto estaba previsto dende fai moito tempo e non podemos caer nesa deixadez. Máis cando todo o que fagamos vaise mirar con lupa; temos que facer igual.

O acto en si, moi ben, houbo moitos docentes, foi dos actos máis maioritarios e a xente saíu contenta, tamén achegándose a coller pegatinas para a manifestación de Santiago. As miñas expectativas cumpríronse.

-Foi importante a convocatoria. Pero faltou xente propia dos barrios. Sobre o permiso: ¿facemos algo mal ou simplemente están facendo unha putada? Temos que saber se facemos algo mal, e temos que ser máis estrictos.

-Demuestra este acto a capacidade de convocatoria importante que temos na Coruña no 15M. O permiso non estaba fora de prazo, iso é claro, era concentración e non manifestación e só hai que informar 24 horas antes. Poden denegalo, pero non polo prazo como fixeron desta vez. Miran para nós con lupa e é porque non queren a nosa capacidade e claridade para movilizarnos.

- Coa prohibición incumpríuse o artigo 21 da Constitución. Queren intimidar para que a xente non veña, e intimidar aos organizadores. A actitude por parte do novo delegado do goberno é reiterada e nefasta: antidemocrática.

**3 acordos:** Unha listaxe para que máis xente poda presentarse nos permisos, non sempre os mesmos cos DNI, nome e apelidos ...; segunda proposta, unha nota de prensa criticando as actuacións do delegado de goberno; e tres, unha nota ao director de La Opinión de Coruña denunciando que nunca sacan as nosas actividades nin antes nin despois.

Sobre a carta a La Opinión, decidese envía-la especificamente ao director, de momento non os demais medios.

- Agora, para as accións burocráticas e a comunicación cos medios faría falta un grupo transversal de comunicación: xurídica e cos medios sociais da Rede de Barrios e Vilas. Que salga de aquí xa a proposta de grupo transversal. É este tipo de tarefas algo fundamental. **Isto ten que ser discutido nas asembleas e grupos de traballo.**

-Añadir a ese grupo a tarefa de comunicación con todo o Estado como Rede de Asembleas de Barrios e Vilas.

## 1. BARRIOS.

Montealto: enquisa ao pequeno comercio, necesidades, problemas e cara a que se unan ó 15M; contacto com o xornalista Ramón Chao, mandará unha periodista que está facendo un documental, pide un perfil moi concreto xente que teña que voltar a casa dos seus pais; pidiuse opinión sobre interbarrios; farase un boletín escrito para o barrio, moita xente non ten internet; seguinte asemblea 7 de outubro; xornada de troco

Cambre: proceso para constituirmos como asociación; pensando xuntar as asembleas de Cambre, Oleiros y Culleredo pola operatividade e as problemáticas ou accións comuns.

Oleiros: De acordo coa coordinación para actividades concretas, seguiremolo debatindo e estudando.

Grupo Os Mallos: Faise unha proposta para que os barrios coñezan e a valoren, que tomen posición sobre ela.

Valoran que é importante a coordinación dos grupos de traballo de barrios que non teñen asemblea popular e traballan integrados noutros barrios. Traballo colectivo, aínda que sexa unha vez o mes, para coordinarse, ser democráticos e ter traballo colectivo e asembleario. Reforzar o barrio que decidan para iniciar actividade, coordinarse, ter claridade sobre o obxectivo de abrir asembleas de barrio. Posibilidade de apoiarse para facer actividade rotativa e de difusión do 15M e da Rede: non se pode de momento ter unha asemblea popular en cada barrio mas si co obxectivo de ir construindo, si é posible, para que en cada barrio haxa actividade de asemblea. A cuestión é que nos barrios onde non ha aínda asembleas, mas si un número mínimo de xente para garantir as actividades, se podan constituir como grupos de traballo para estender a Rede do 15M alí onde hoxe non existe. A coordinación ben pode ser a través das asembleas onde agora están incluídos (Os Mallos no Agra), alén da mesma interbarrios como tal. Pasan á discusión e aportacións de todas as asembleas esta iniciativa.

Palavea: fixeron un documento necesidades estruturais do barrio, sanidade, asociacionismo, transporte e xuventude, que van presentar e publicitar na web; xornada de troco coincidindo con Palavea Bravú.

Agra: estrutura en tres grupos de traballo, loxística, comunicación e documentación e contidos; traballo al 95% en N-1, taller previo ás asembleas.

## 2. 15 de Outubro.

Lema xeral: por un cambio global, é unha convocatoria mundial, mas que se discuta nos barrios o contido da mobilización.

-Proposta de entrar e convocar na universidade asembleas nos Campus a semana anterior o 15.

-¿Como ir á manifestación? Claridade nos lemas dos actos convocados é unha das partes máis fortes do traballo da Rede. Os oito puntos e a saída social da crise non o simple cambio global.

-Convocatoria, dinámica unitaria si, pero temos que asistir coas nosas propostas, a alternativa 8 puntos, a saída social da crise... e as nosas actividades.

-Estamos dacordo coas assembleas da universidade, a determinar se unha ou dúas, nos dous campus, o de Zapateira e Elviña. O horario das mesmas fixaremolo en funcion da operatividade. O obxectivo das assembleas da Universidade é o de falar do 15 O, do seu contido, e da organización do estudantado en assembleas.

- Proposta de convocar o 15 Outubro a todo tipo de forzas sociais a unha concentración de 24 horas na praza de Maria Pita, unha sentada de 12 a 12. Seria facer actividades para recuperar o espírito do 15M de ocupación dos espazos públicos para o debate e a politización da cidadanía.

- O obxectivo da manifestación é contra o sistema financeiro, a dictadura dos mercados... Convocar coas nosas propagandas. Amosar co 15-0 a contundencia do 15 M na Coruña. ¿Quen impide o que nós demandamos? Facelo visible.

-Posibilidade de utilización “partidista” da manifestación como foi este fin de semana coa PAH, onde houbo banderas partidistas e concelleiros na faixa. Qué facer diante diso? E, imo ler o noso comunicado?

-A proposta de sentada-concentración en Maria Pita, dacordo, presenza física non acampada, que queira durmir ali ou pasar a noite que se abrigue. Encher de actividade de reflexión a xornada.

-A difusión e cartelería como ate o de agora, barrio a barrio desde as assembleas e grupos.

Temos que elaborar un manifiesto para ler o 15-O.

### 3. FINANCIACIÓN

Facer máis camisolas, reunir o bote, nominativo e reembolsable como a última vez, empregar o remanente e levar os cartos á seguinte interbarrios. Escoller o modelo facéndoas en negro.

### 4. VARIOS

Manifestación da Ría, difundilo nos blogs, consultar como queren que participemos. Praza de Europa o Domingo 2 ás 12 horas. Discutir nas assembleas como participar e apoiar a manifestación. A proposta é ir como Rede nun principio.

Fálase do 4º Foro de Acampadas en Ourense, de ver se alguen das assembleas pode ir, e da de Madrid o 6, 7 e 8 de decembro (¿)

Sobre os oito puntos: son un punto de partida, manifestamente mellorables pero magnífico para empezar a camiñar.

Seguinte Interbarrios: próximo luns 19:30 O Burgo.

A orde do día, a preparación do 15 e barrios.

28 de setembro do 2011